



## MEMORIA DA CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN DO PROFESORADO PARA A SÚA CONTRATACIÓN\_1A-05

### ÍNDICE:

#### 1. MARCO NORMATIVO.

#### 2. O ORGANO ENCARGADO DA EMISIÓN DAS AVALIACIÓNS E INFORMES: A CGIACA.

#### 3. OS COMITÉS DE ASESORES EXPERTOS (CAE)

#### 5. O PROCEDEMENTO SEGUIDO.

5.1 PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA E PRAZO DE SOLICITUDE.

5.2 ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN.

5.3 TRAMITACIÓN E REXISTRO DAS SOLICITUDES.

5.3.1 ADMISIÓN A TRÁMITE DAS SOLICITUDES

5.4 AVALIACIÓN DOS CURRÍCULOS POLOS COMITÉS DE ASESORES EXPERTOS.

5.4.1 FASE DE PREAVALIACIÓN (INDIVIDUAL)

5.4.2 FASE DE AVALIACIÓN (COLEXIADA)

5.5 PROPOSTAS DE AVALIACIÓN OU INFORME DA CGIACA.

5.6 EMISIÓN DAS RESOLUCIÓNS FINAIS.

#### 7. RESULTADOS PROVISIONAIS DA CONVOCATORIA

7.1 RESULTADOS GLOBAIS

7.2 RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

7.3 RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS

7.4 RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS DA SAÚDE

7.5 RESULTADOS DO ÁMBITO DE ENSINANZAS TÉCNICAS

7.5 RESULTADOS DO ÁMBITO DE HUMANIDADES

#### 8. RECLAMACIÓNS.

#### 9. APLICACIÓN INFORMÁTICA

# MEMORIA DA CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN DO PROFESORADO PARA A SÚA CONTRATACIÓN

## 1A-05

### 1. MARCO NORMATIVO.

Tanto a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, nos seus artigos 50 a 52, como o Decreto autonómico 266/2002, de 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, nos seus artigos 5 a 7, esixen para a contratación de profesores axudantes doutores, profesores colaboradores e profesores contratados doutores polas universidades públicas a previa avaliación positiva ou informe favorable da súa actividade docente e investigadora. Así mesmo, o apartado 2 do artigo 72 da citada lei orgánica establece que polo menos o 25 por 100 do profesorado das universidades privadas debe estar en posesión do título de doutor e, ademais, ter obtida tamén esta avaliación positiva ou informe favorable.

Estas funcións de avaliación e informe das actividades docentes, investigadoras e de xestión para a contratación de profesorado universitario son, a través do artigo 31 da LOU, atribuídas á *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad* ou ao órgano de avaliación que a Lei das comunidades autónomas determine. A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia asume estas competencias, dentro do ámbito da Comunidade Autónoma, a través da disposición adicional vixésimo sétima da Lei 3/2002, de 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo.

Definido este marco de actuación, procédese ao desenvolvemento de todas as disposicións legais necesarias para poñer en marcha o programa de avaliación e informe para a contratación de profesorado universitario polas universidades do SUG:

- Orde de 1 de abril de 2003 pola que se establecen os criterios xerais de avaliación a ter en conta pola ACSUG para a emisión das avaliacións ou informes.

- Decreto 270/2003, de 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

- Orde de 23 de xuño de 2004 pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do SUG coa que se completa o sistema de avaliación para a contratación do profesorado, por medio

da aprobación, por un lado, do protocolo a seguir para avaliar ou informar as actividades docentes, investigadoras e de xestión para a contratación do profesorado e, por outro, dos baremos de puntuación que se deben ter en conta para a emisión dos respectivos informes e avaliacións, en función das distintas figuras contractuais existentes.

- Orde do 18 de agosto de 2005 pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador.

- Resolución do 1 de setembro de 2004 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia e ábrese o prazo para a presentación de solicitudes.

## **2. O ORGANO ENCARGADO DA EMISIÓN DAS AVALIACIÓNS E INFORMES: A CGIACA.**

O Decreto 270/2003, de 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia crea a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) (Título III) que será, como o seu propio nome indica, o órgano encargado da emisión dos correspondentes informes e avaliacións esixidos. As propostas motivadas da CGIACA, serán vinculantes para o Consello de Dirección da Axencia.

Esta Comisión estará composta por un presidente, un vicepresidente e seis vocais.

- O presidente da CGIACA será o director xeral de Universidades.
- O vicepresidente será o director xeral de Investigación e Desenvolvemento.
- Serán vocais: o director da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, dous designados polo conselleiro competente en materia de universidades e tres máis designados por cada universidade do sistema universitario de Galicia, nomeados polos seus rectores respectivos.

Para a emisión das propostas de avaliación e informe dos currículos presentados polos solicitantes, a CGIACA contará co asesoramento de comités de expertos, que serán os que realicen as avaliacións dentro dos cinco campos científicos en que aquela se estrutura (Comités de: Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde, Ensinanzas Técnicas e Humanidades, respectivamente).

### 3. OS COMITÉS DE ASESORES EXPERTOS (CAE)

Pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), realizouse unha estimación en función do número de potenciais solicitantes de avaliación ou informe, por área de coñecemento, nas universidades de Galicia. En función destes datos seleccionáronse as sete áreas de coñecemento máis representativas de cada ámbito científico. Neste sentido, os comités de asesores expertos estarán constituídos por sete membros, un por cada unha destas áreas de coñecemento, dos que un deles será o presidente, outro o secretario e os cinco restantes serán vocais. En cada comité, o presidente será designado pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e o secretario será o membro de menor idade.

Os requisitos esixidos para formar parte dos comités de asesores expertos son: ser catedrático de universidade, ter un mínimo de tres sexenios de investigación e non pertencer ao SUG. Este último requisito non será de aplicación para os Presidentes.

A selección dos membros dos comités fíxose mediante sorteo por parte da CGIACA, a partir das listaxes dos profesores de cada ámbito científico que cumprían os requisitos mencionados no parágrafo anterior.

#### CC. SOCIAIS E XURÍDICAS.

Cód	Área de Coñecemento	Avaliadores propostos	Univ.
105	Comunicación Audiovisual e Publicidade	<i>Miguel de Aguilera Mollano</i>	UMA
125	Dereito Administrativo	<i>Germán Fernández Farreres</i>	UCM
130	Dereito Civil	<i>Antonio Orti Vallejo</i>	UGR
215	Didáctica e Organización Escolar	<i>Antonio Monclús Estella</i>	UCM
225	Economía Aplicada	<i>Rafael Caballero Fernández</i>	UMA
650	Organización de Empresas	ANTONIO GENARO LEAL MILLÁN ( <i>Presidente</i> )	US
735	Psicoloxía Evolutiva	<i>M<sup>a</sup> Victoria Trianes Torres</i>	UMA

#### CC. EXPERIMENTAIS

Cód	Área de Coñecemento	Avaliadores propostos	Univ.
63	Botánica (bioloxía vexetal II)	<i>Mario Honrubia García</i>	UMU
75	CC. Computación e IA	<i>Roque Luís Marín Morales</i>	UMU
220	Ecología	<i>Felipe Javier Fernández González</i>	UB
265	Estatística e Investigación Operativa	<i>Leandro Pardo Llorente</i>	UCM
750	Química Analítica	<i>Elena Domínguez Cañas</i>	UAH
595	Matemática Aplicada	<i>Fco. Javier Lisbona Cortes</i>	UZA
385	Física Aplicada	EULOGIO JIMÉNEZ CUESTA ( <i>Presidente</i> )	UDC
385	Física Aplicada	<i>Julián M<sup>a</sup> González Estévez</i>	EHU

## CC. DA SAÚDE

Código	Áreas Principais	Área de Coñecemento	Avaliadores propostos	Univ.
90		Cirurgía	<i>Xavier Ríos Cornado (renuncia)</i>	UAB
275		Estomatoloxía	<i>Antonio Bascones Martínez</i>	UCM
315		Farmacoloxía	<i>Fernando Andrés Rodríguez Trelles</i>	UCM
410		<b>Fisioloxía</b>	CARLOS ACUÑA CASTROVIEJO ( <i>Presidente</i> )	USC
610		Medicina	<i>Francisco Arnalich Fernández</i>	UAM
670		Pediatría	<i>Alfonso Delgado Rubio</i>	EHU
745		Psiquiatría	<i>José Luis Vázquez Barquero</i>	UC

## ENSINANZAS TÉCNICAS

Código	Áreas Principais	Área de Coñecemento	Avaliadores propostos	Univ.
110		Construcións Arquitectónicas	<i>Francesc de Paula Daumal Domenech</i>	UPC
500		Enxeñería Agroforestal	<i>Jaime Ortíz-Cañavate Puig-Mauri</i>	UPM
520		Enxeñería de Sistemas e Automática	<i>Ignasi Serra Pujol</i>	UAB
545		Enxeñería Mecánica	<i>Ángel M<sup>a</sup> Sánchez Pérez</i>	UPM
555		<b>Enxeñería Química</b>	LUÍS ESPADA RE CAREY ( <i>Presidente</i> )	UVI
570		Linguaxes de Sistemas Informáticos	<i>Francisco Casacuberta Nolla</i>	UPVal
605		Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estructuras	<i>Horia Alejandro Barbat Barbat</i>	UPC

## HUMANIDADES

Código	Áreas Principais	Área de Coñecemento	Avaliadores propostos	Univ.
345		Filología Inglesa	<i>Ángela Downing Rotrwell</i>	UCM
370		Filología Gallega y Portuguesa	<i>Ángel Marcos de Dios</i>	USAL
450		Historia Contemporánea	<i>Pedro Carasa Soto</i>	UVallad
465		Historia del Arte	<i>Salvador Andrés Ordax</i>	UVallad
567		Lengua Española	<i>Milagros Aleza Izquierdo</i>	UV
575		<b>Lingüística General</b>	M <sup>a</sup> MILAGROS FERNÁNDEZ PÉREZ ( <i>Presidente</i> )	USC
814		Traducción e Interpretación	<i>Julio César Santollo Mediavilla</i>	ULEON

## 5. O PROCEDIMENTO SEGUIDO.

A Orde do 23 de xuño de 2004 é a que establece, por un lado, o procedemento para a avaliación ou informe da actividade do profesorado, e por outro os baremos de puntuación que se deben ter en conta para a emisión das respectivas avaliacións ou informes. Na disposición adicional primeira desta Orde indícase que se fará unha convocatoria anual ordinaria, sen prexuízo das convocatorias extraordinarias que se consideren oportunas.

## 5.1 PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA E PRAZO DE SOLICITUDE.

No DOG 172, do 7 de setembro de 2005, publícase a Resolución do 1 de setembro de 2004 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia e ábrese o prazo para a presentación de solicitudes.

Nela establécese que o prazo para solicitar a avaliación ou informe da ACSUG finaliza ós 40 días naturais ós da súa publicación (17 de outubro de 2005).

## 5.2 ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN.

Unha vez aberto o prazo establecido pola convocatoria, iniciouse a recollida da documentación necesaria para realizar as avaliacións, que os interesados puideron presentar en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esixíronse, con independencia do número de figuras contractuais para as que se solicitase a avaliación ou informe, a entrega de dúas copias da seguinte documentación (en formato papel):

- Modelo normalizado de instancia.
- Fotocopia de documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).
- Currículo normalizado.
- Documentación acreditativa dos méritos curriculares aos que se faga mención.

Unha das dúas copias da documentación acreditativa do currículo debería estar cotexada (só a documentación da que se dispuxera dun orixinal, as copias dos libros, artigos e demais publicacións non foi necesario cotexalas, posto que foi suficiente con entregar unha copia da primeira e última folla, índice e folla onde figure o ISBN, ISSN, Depósito Legal, etc.).

Ademais, pediuse aos interesados que cubrisen en formato dixital o modelo normalizado de instancia así como o curriculum vitae, para o que se puxo a disposición dos interesados unha aplicación na páxina web <http://www.acsug.es>

## 5.3 TRAMITACIÓN E REXISTRO DAS SOLICITUDES.

Rexistráronse un total de 1088 solicitudes (245 para profesor contratado doutor, 226 para profesor axudante doutor, 361 para profesor colaborador e 256 para profesor de universidade privada) procedentes de 497 solicitantes (debe terse en conta que cada solicitante pode realizar ata catro solicitudes, unha por cada figura contractual). A distribución das solicitudes por figuras solicitadas, así como dos distintos ámbitos científicos ós que correspondían as mesmas, móstrase nas seguintes táboas adxuntas. (Táboa I, II e III).

Táboa I.- Distribución por figura contractual:

SOLICITANTES	
497	
SOLICITUDES	
PCD	245
PUP	256
PAD	226
PCO	361
TOTAL	1088

Táboa II.- Figuras solicitadas por cada solicitante

SOLICITUDES				SOLICITANTES
PCD	PUP	PAD	PCO	93
PCD	PUP	PAD		14
PCD	PUP		PCO	16
PCD		PAD	PCO	12
	PUP	PAD	PCO	54
PCD	PUP			19
PCD		PAD		16
PCD			PCO	12
	PUP	PAD		6
	PUP		PCO	51
		PAD	PCO	16
PCD				63
	PUP			3
		PAD		13
			PCO	109
245	256	226	361	<b>497</b>
<b>1088</b>				<b>TOTAL</b>

Táboa III.- Distribución por ámbito científico:

CAMPO CIENTÍFICO	SOLICITANTES	SOLICITUDES
Ciencias Sociais e Xurídicas	150	307
Ciencias Experimentais	117	312
Ciencias da Saúde	75	176
Ensinanzas Técnicas	99	170
Humanidades	57	123
<b>TOTALES ASIGNADOS</b>	<b>497</b>	<b>1088</b>

### 5.3. 1 ADMISIÓN A TRÁMITE DAS SOLICITUDES

En primeiro lugar comprobouse, por un lado, que as solicitudes inclúsen toda a documentación requirida nas bases, e por outro, que cumpren os requisitos formais esixidos no artigo 4 da *Orde de 23 de xuño de 2004 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* para a súa admisión a trámite.

#### Comprobación da documentación requirida nas bases necesaria para admitir a trámite a solicitude:

- *Modelo normalizado de instancia*
- *Curriculum Vitae, cumprimentado no modelo normalizado*
- *Fotocopia de documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).*
- *Titulación esixida pola Lei Orgánica 6/2001 de 21 de decembro, para poder optar á figura contractual de que se trate.*

*Debe terse en conta que na convocatoria estableceuse que unha vez rematado o prazo para a recollida de solicitudes (17 de outubro de 2006), e unha vez admitidas estas a trámite, as correspondentes avaliacións e informes faranse en base a documentación que achegase o interesado ate ese momento, sen prexuízo de que se poida requirir dos solicitantes, cantas aclaracións e concrecións se consideren oportunas en relación ós méritos alegados nos seus curricula.*

*Cando as solicitudes presentadas en prazo non presentaron os documentos indicados, requiriuse ó interesado para que procedese á súa emenda de conformidade disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

#### Comprobación dos requisitos formais esixidos para a admisión a trámite das solicitudes:

*Os interesados, na data de presentación da solicitude, tiñan que reunir os seguintes requisitos para que a súa solicitude fose admitida a trámite.*

#### Requisitos formais comúns para todas as figuras:

- *Presentar a solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria.*
- *Non ter transcorridos seis meses dende a notificación da anterior avaliación ou informe negativo.*
- *Non atoparse nalgún dos supostos de cualificación automática establecidos pola Orde do 18 de agosto de 2005.*

Requisitos formais que varían en función da figura contractual para a que se pedise a avaliación ou informe:

- *Profesor Contratado Doutor*
  - *Ter o título de doutor*
  - *Acreditar, como mínimo, tres anos de actividade postdoutoral docente e investigadora, ou prioritariamente investigadora.*
- *Profesor de universidade privada*
  - *Ter o título de doutor*
- *Profesor Axudante Doutor*
  - *Ter o título de doutor*
- *Profesor Colaborador*
  - *Ter o título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou diplomado universitario.*

#### 5.4 AVALIACIÓN DOS CURRÍCULOS POLOS COMITÉS DE ASESORES EXPERTOS.

Unha vez comprobado que as solicitudes cumprisen cos requisitos mencionados para a súa admisión á trámite procedeuse á súa asignación ó correspondente Comité de Asesores Expertos consonte á distribución que se fai no anexo I da Orde de 23 de xuño de 2004 (DOG de 5 de xullo de 2004), en función da área de coñecemento sinalada, en primeiro lugar, polo solicitante.

##### 5.4.1 FASE DE PRAVALIACIÓN

Nun primeiro momento, celebrouse unha xuntanza cos membros dos comités para establecer o plan de traballo. A continuación, tivo lugar a xuntanza de cada un dos Comités por separado para, homoxeneizar os criterios de interpretación, dos apartados dos baremos de avaliación que puidesen admitir un maior grado de discrecionalidade.

Distribuíronse os CV, entre os avaliadores de cada unha das áreas de coñecemento que integran os Comités, en función da afinidade coas áreas de coñecemento indicadas polo solicitante na súa solicitude.

Este avaliador (ou avaliadora) realizou unha primeira avaliación dos currículos que se lle asignaron, aplicando o baremo publicado como anexo II da Orde do 23 de xuño de 2004, en cada unha das figuras contractuais solicitadas polo interesado.

A puntuación dos currículos realizouse por cada avaliador, mediante unha aplicación informática desenvolvida pola ACSUG, a través da que, previa introducción dun nome de usuario e unha contrasinal, cada avaliador ten acceso ós currículos dixitalizados que lle foron asignados, así como a unha ferramenta informática deseñada para efectuar as puntuacións dos currículos.

Para o desenvolvemento desta fase de preavaliación, entregóuselle a cada avaliador un dossier de documentación (en formato papel e dixital), así como unha guía explicativa, que lle serviu de apoio nesta tarefa .

#### 5.4.2 FASE DE AVALIACIÓN

Debe terse en conta que na Orde do 23 de xuño de 2004, establécese que os CV dos solicitantes serán avaliados positiva ou negativamente por cada un dos membros integrantes do Comité de Asesores Expertos (CAE) ó que foi asignado. Isto implica que é necesaria unha segunda fase de avaliación, que tivo lugar na sede da ACSUG (en Santiago de Compostela), durante os días 14 ao 16 de decembro de 2005, na que despois de constituírse os comités, realizáronse, por todos os membros dos mesmos a avaliación definitiva dos CV.

Nesta xuntanza, na que se levou a cabo o proceso de avaliación propiamente dito, cada CAE, realizou as respectivas avaliacións de cada un dos CV, revisándoos e consensuando as puntuacións por cada un dos seus membros, facendo todas as oportunas comprobacións dos méritos curriculares alegados polos interesados nos seus CV, e cotexando a documentación xustificativa achegada coas solicitudes, coas avaliacións dos currículos en formato electrónico feitas na fase anterior. Así mesmo fixéronse as avaliacións dos currículos (formato papel) que por distintos motivos non se cubriron, ou se cubriron defectuosamente, en formato electrónico. Realizadas as avaliacións dos currículos procedeuse a redacción das correspondentes actas.

No caso de que se fixese constar por parte do correspondente CAE a necesidade da concreción ou especificación dalgún mérito curricular alegado polo avaliado, necesario para emitir a valoración de fondo final, procedeuse ao requirimento aos solicitantes da referida documentación xustificativa ou aclarativa, para que se procedede á súa emenda no prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte á recepción da notificación por parte do interesado.

#### 5.5 PROPOSTAS DE AVALIACIÓN OU INFORME DA CGIACA.

A CGIACA, na súa xuntanza do 19 de decembro de 2005, unha vez vistas e analizadas as avaliacións feitas polos cinco comités de asesores expertos, dos currículos dos profesores solicitantes da avaliación ou informe, elaborou as distintas propostas de avaliación e informe para a contratación de profesores Contratados Doutores, Axudantes Doutores, Universidade Privada e Colaboradores:

- Por un lado cando se entendeu que non existía ningún motivo polo que non se debesen asumir as puntuacións dos currículos feitos polos comités de asesores expertos, deuse o visto e praxe a estas avaliacións, emitíndose as propostas de avaliación ou informe no mesmo sentido, e valendo como motivación destas propostas as feitas polo respectivos comités de asesores expertos para cada currículo e figura solicitada, de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- Cando se observou algún erro de carácter administrativo relativo á procedencia ou non procedencia á hora de admitir a trámite das solicitudes, resolveuse no sentido que procedese de conformidade coa normativa.

- Finalmente indicouse que as avaliacións dalgunhas solicitudes realizadas polos CAE, en tanto estaban pendentes de complementar algún tipo de documentación, quedasen como provisionais mentres os interesados non fosen xuntando a diferente documentación requirida, pasando no seu caso, o resultado da resolución a definitiva, a medida que os interesados fosen xuntando a diferente documentación requirida, diferenciando dous supostos:

Por un lado, cando se tratase de documentación de carácter administrativa, requirida para admitir ou non admitir a trámite a solicitude de conformidade co disposto na convocatoria (DNI, título de doutor, título universitario ou Currículo Vitae), se o interesado a achegase no prazo legal outorgado, e cumprise cos requisitos esixidos legalmente para admitir a trámite a solicitude, a avaliación outorgada polo CAE quedará confirmada. No caso contrario, a resolución dictarase como “non procede a súa avaliación ou informe” polo motivo que corresponda legalmente.

Por outro lado, no caso de que a documentación requirida (a indicada no base 5.2 da Resolución do 1 de setembro de 2005) fose relativa a algún mérito curricular alegado polo avaliado, do que se deixase constancia por parte do correspondente CAE a necesidade da súa concreción ou especificación, necesaria para emitir a valoración de fondo final, unha vez achegada en prazo esta documentación, remitirase ó CAE correspondente para que proceda á verificación do mérito, debendo, estas valoracións ser ratificadas pola CGIACA en próximas xuntanzas.



## 5.6 EMISIÓN DAS RESOLUCIÓNS FINAIS.


Tendo en conta o carácter vinculante das propostas de avaliación ou informe emitidas pola CGIACA, o Presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, en virtude das competencias delegadas por Resolución de data 11 de xaneiro de 2005 (DOG do 19 de xaneiro) emitiu as resolucións definitivas, que se notificaron individualmente aos interesados.

O prazo máximo establecido para a emisión das resolucións pola normativa, é de seis meses, contabilizados dende a entrada no rexistro da ACSUG ata a notificación (ou intento válido de notificación) das mesmas ós interesados. Neste sentido débese destacar que se tramitaron e notificaron en prazo o 100 % das resolucións, e que sendo o prazo de remate para presentar as solicitudes de avaliación o 17 de outubro de 2005, o 21 de decembro dese mesmo ano estaban notificadas mais do 95 % das resolucións, e dicir, en menos da metade do tempo esixido pola normativa.


## 7. RESULTADOS PROVISIONAIS DA CONVOCATORIA

### 7.1 RESULTADOS GLOBAIS







## 7.2 RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS





**Ciencias Sociais e Xurídicas: Porcentaxe de Avaliacións Favorables  
(307 Solicitudes)**




**Resumo das porcentaxes das solicitudes do campo científico de:  
Ciencias Sociais e Xurídicas**




7.3 RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS







#### 7.4 RESULTADOS DO ÁMBITO DE CIENCIAS DA SAÚDE





**Ciencias da Saúde: Porcentaxe de Avaliacións Favorables (176 Solicitudes)**




**Resumo de porcentaxes das solicitudes do campo científico: Ciencias da Saúde**




7.5 RESULTADOS DO ÁMBITO DE ENSINANZAS TÉCNICAS







### 7.6 RESULTADOS DO ÂMBITO DE HUMANIDADES



**Humanidades: Porcentaxe de Avaluacións Favorables  
(123 Solicitudes)**



**RESUMO DAS PORCENTAXES DAS FIGURAS SOLICITADAS NO CAMPO CIENTÍFICO DE  
HUMANIDADES**



## 8. RECLAMACIONES.

Os acordos do Consello de Dirección esgotan a vía administrativa polo que, de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro (LRJ-PAC), poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os dictou ou ser impugnados directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O número de recursos de reposición presentados foron os indicados nos seguintes cadros. Non consta, ate o momento, ningunha reclamación xurisdicción contencioso-administrativa.

AMBITO CIENTÍFICO	Nº de RECORRENTES	Nº de SOLICITANTES	PORCENTAXE
XUR-SOC	9	150	0.06 %
CC EXP	6	117	0.05 %
CC SAUDE	10	74	0.13 %
E TEC	6	99	0.06 %
HUMA	2	57	0.03 %
<b>TOTAL</b>	<b>33</b>	<b>497</b>	<b>0.06 %</b>

AMBITO CIENTÍFICO	Nº de RESOLUCIÓNS RECORRIDAS	Nº de SOLICITUDES	PORCENTAXE
XUR-SOC	12	307	0.03 %
CC EXP	14	312	0.04 %
CC SAUDE	18	176	0.10 %
E TEC	12	170	0.07 %
HUMA	6	123	0.04 %
<b>TOTAL</b>	<b>62</b>	<b>1088</b>	<b>0.05 %</b>

## 9. APLICACIÓN INFORMÁTICA

Para o procesamento de toda a información xerada, a ACSUG desenvolveu unha ferramenta de xestión informática.

En principio a aplicación deseñouse coa necesidade de ser multitarefa e multiusuario. Ademais, pretendeuse que puidese ser facilmente modificada sen requirir grandes distorsións nas estacións de traballo.

A estas necesidades súmase a utilización dunha base de datos que permita o almacenamento e tratamento de toda a información.

En vista destes requisitos optouse por desenvolver a aplicación vía web, utilizando como servidor web o Apache Web Server. Trátase dun servidor web desenvolvido baixo

licencia GPL [*general public license*] que permite o seu uso e libre distribución, sen custo ningún para o usuario.

Do mesmo xeito, optouse pola utilización da base de datos MySQL, que é unha das máis utilizadas na internet. Trátase dunha aplicación de libre distribución e código aberto. As súas características funcionais céntranse na rapidez, sinxeleza e baixos recursos necesarios para o seu correcto funcionamento. Algunhas empresas destacadas que utilizan e potencian esta aplicación son Yahoo, a NASA e Suzuki, entre outras.

Para desenvolver a aplicación, require se unha linguaxe de programación que permita a visualización, modificación, e consulta dos datos. Optouse pola linguaxe PHP, tamén desenvolvida na internet baixo licenza libre, o que permite unha integración perfecta tanto con MySQL coma con APACHE. Todo o código incorporouse dentro das páxinas web desenvolvidas en HTML e para acelerar o seu uso tamén se incorporou código en JavaScript.

Esta aplicación permite, comodamente, entre outras funcións:

- A introducción do currículo do solicitante vía web de forma segura.
- A consulta do estado da avaliación e expediente de calquera solicitante.
- A asignación das valoracións dos méritos a cada solicitante vía web polos avaliadores.
- A xeración automática das resolucións sobre a mencionada valoración.
- A xeración automática de requirimentos de emenda de documentación substantiva.

O uso desta aplicación está restrinxido permitindo só o acceso ao persoal da ACSUG directamente vencellado ao proceso de avaliación, garantíndose en todo momento a confidencialidade dos datos que nel se encontran, de conformidade coa Lei Orgánica de Protección de Datos.